

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 17 DE ABRIL DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezasete de abril de dous mil dezaeito ; as nove horas e dez minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde D José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Javier Iglesias Sendín, Don Ricardo González Amaro

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado nove de abril de dous mil dezaeito (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non hai.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

-Escrito de don César Manuel Fernández Gil, en representación do grupo municipal que solicita do goberno municipal , unha actuación inmediata para asegurar o entorno do inmovible de titularidade municipal situado na rúa dos fornos e evitar que ante un novo derrubamento deste inmovible se poidan ver afectados os inmovibles colindantes e os veciños e viandantes da rúa dos Fornos.

A xunta de goberno acorda que se emita un informe respecto das medidas a tomar por parte da arquitecta municipal.

-Escrito de don Rogelio Rodríguez Míguez solicitando o cambio da sepultura número 117 T , socalco primeiro esquerda fila 4 a nome de Candida Jiménez e Rogelio Rodríguez Martínez.

A xunta de goberno acorda acceder ao solicitado.

-Escrito do Xefe da Policía local remitindo informe sobre expedientes de retirada de puntos e poñendo de manifesto problemas de funcionamento no sistema informativo disposto ao efecto.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Comunicación de Resolución da Confederación Hidrográfica Miño Sil de inscrición no rexistro de augas dun aproveitamento de auga na rúa Eduardo Chao.

.5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

Contrato menor de servizos para aluguer de material para a 55 Feira do Viño do Ribeiro

Sendo necesario para a celebración da 55 Feira do Viño 26 jaimas de 5 x5, 14 tarimas e moquetas en 2,4 x5, 8 tarima e moqueta en 5x5, unha carpa de 10x10, unha tarima e moqueta en carpa , iluminación e conexións en carpa, e 26 iluminación en jaimas (incluíndo cadro eléctrico).

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existen medios materiais no concello para proveer a iluminación, as tarimas e a carpa necesarias para a realización da 55 Feira do Viño, facendose necesario a realización dun contrato de servizos ao efecto.

Contratar con Mantesil SLU o aluguer de material para a 55 Feira do Viño do Ribeiro por un importe total ,IVE engadido de 14.999,16 euros.

Aprobar o gasto por importe de 14.999,16 euros con cargo á partida orzamentaria 2.226.99414.

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

APROBACIÓN DO PADRÓN COBRATORIO DA TAXA POLA RECOLLEITA DE LIXO.-

“ A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación ao Padrón Cobratorio da Taxa por a Recolleita de Lixo, correspondente ao exercicio 2018, por importe de 231.595,43 euros. Así mesmo, acorda sinalar o período de cobranza voluntario da Taxa de Recolleita de Lixo correspondente ao presente exercicio económico fixando o prazo entre o 2 de Maio e o 2 de Xullo de 2018.”

EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E AOS NO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL O CONSELLO.

Considerando que con data de 20 de marzo de 2018 a xunta de goberno local adoptou o seguinte acordo:

Vistos os informes emitidos polo Director do Servizo municipal de Deportes e polo secretario do concello de data 20 de marzo de 2018 que incorporanse como motivación ao presente acordo, aos efectos previstos no artigo 88.6 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e copia dos cales se dará traslado ao interesado.

A xunta de goberno local por unanimidade acorda:

- Iniciar expediente de resolución do contrato administrativo do servizo de mantemento das instalacións de calefacción e AQS no Centro Deportivo Municipal o Concello.
- Notificar o presente acordo a empresa contratista Grupo Antolín Soluciones SL e concederlle un prazo de dez días naturais dende a recepción da notificación para formular as alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.
-

Considerando que con número de rexistro de entrada no concello 1426 a empresa Grupo Antolín Soluciones SL formula alegacións.

Visto o informe emitido polo secretario do concello onde se indica:

“En relación coa resolución dun contrato administrativo a xurisprudencia aplica os principios contidos no Código Civil (art 1124), polo que a facultade de resolver entendese implícita a favor da parte que cumpre e , en contra, da que incumple as súas obrigas, se ben para que o exercicio da acción de resolución proceda é preciso que a parte que a exercita teña cumprido as súas obrigas.

Visto o Ditame do Consello de Estado 41.941 de 1 de marzo de 1979, que indica “ la facultad de resolución constituye de suyo una consecuencia tan grave que obliga a estimarla aplicable tan sólo en los casos más graves de incumplimiento pues resultaría notoriamente desproporcionado e injusto que cualquier incumplimiento , aún mínimo, supusiera tal resolución, ya que éste constituye una opción que la Administración ha de ejercer siempre con obligada mesura”

Visto o Ditame do Consello Consultivo de Castela A Mancha 134/2016 de 27 de abril que indica que a resolución contractual é unha medida restrictiva vinculada á satisfacción do interese público , que cando o incumprimento no presenta relevancia suficiente a resolución contractual non constitúe a vía procedente, dado que é unha medida que se ten que adoptar con carácter restrictivo e sempre que sexa a mellor opción para o interese público.

Visto o escrito de alegacións da empresa(número de rexistro de entrada no concello 1426) que pón de manifesto unha serie de circunstancias, advertencias previas da empresa respecto a deficiencias da instalación....

Visto o informe do Consello Consultivo de Castela - León de 1 de agosto de 2013 en relación a resolución dun contrato de servizos para clases de música na Escola Municipal de Música de Valladolid (cuestión con unha certa similitude coa que eíquí se plantexa), tras rexeitar polos antecedentes do caso a responsabilidade exclusiva do contratista, aínda que tivera abandonado o servizo, plantexa a posibilidade de acudir a unha resolución por mutuo acordo , citando en refrendo de dito plantexamento: Ditame do Consello de Estado nº 1022/1992 de 17 de setembro e nº 1819/2002; Comisión Xurídica Asesora de Aragón Ditame 1/2008 e Sentenzas do Tribunal Supremo de 11 de novembro de 1981 , 4 de maio de 1981 e 20 de setembro de 1983.

En aplicación dos fundamentos xurídicos e conclusións de este último "Ditame e reiterando que non procede a resolución por incumprimento culpable , cabe que por parte do concello se lle solicite a empresa contratista a resolución do contrato por mutuo acordo.

Respecto á tramitación do procedemento, a salvo criterio mellor fundado en dereito, enténdese que non procede dar traslado do expediente e das alegacións ao Consello Consultivo de Galicia para a emisión de Ditame, dado que non continúa a tramitación do procedemento para resolver o contrato por incumprimento culpable ; o ditame está pensado para garantir o acerto da decisión e os dereitos do contratista que , en nada se vulneran coa proposta que se plantexa, e en base aos principios de celeridade, eficacia e economía procedimental."

ACORDASE:

-Desistir da tramitación do expediente de resolución do contrato administrativo do servizo de mantemento das instalacións de calefacción e AQS no Centro Deportivo Municipal o Consello.

-Ofertar á empresa Grupo Antolín Soluciones SL resolver o contrato por mutuo acordo ao abeiro do artigo 223.c) do TRLCSP.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as nove horas e vinte minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO